

ÁLVARO CUNQUEIRO MORA

VIDA

Álvaro Cunqueiro Mora naceu en Mondoñedo no ano 1911. Estudou bacharelato en Lugo para pasar logo a Santiago a cursar Filosofía e Letras, pero o comezo da guerra impediulle seguir estudando. Colaborou co Seminario de Estudos Galegos e co grupo Nós. Dedicouse profesionalmente ó periodismo, como colaborador de varios periódicos, foi director de *Faro de Vigo* e subdirector de *Vértice*. Máis tarde, comezou a escribir, iniciándose como poeta en galego. Pero a súa prosa comezouna a escribir en castelán. O primeiro libro que publicou en prosa en galego foi *Merlín e familia* (1955), ó que logo seguirán outros títulos como *As crónicas de Sochantre* e *Si o vello Sinbad volvese ás illas...* Ademais de obras en prosa e verso escribiu tamén algún texto dramático como *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* e *A noite vai coma un río*, esta última considerada por algúns críticos como o texto dramático galego máis importante. O 21 de abril de 1963 foi recibido pola Real Academia Galega en Mondoñedo para ocupa-lo posto de Cabanillas. Varias das súas obras recibiron diferentes premios bastante importantes. Álvaro Cunqueiro morreu en Vigo en 1981 e foi enterrado en Mondoñedo, a súa terra natal.

LINGUA E ESTILO

Cunqueiro empregou o castelán para varias obras narrativas e para algúns poemas, pero sobretudo utilizou o galego na súa obra.

A súa obra narrativa caracterízase polo surrealismo e a mestura da realidade coa fantasía. Ademais baseouse en historias que leu e escoitou de pequeno. Para os poemas utilizou un estilo non moi coñecido: o neotrobadorismo. Recuperou o estilo dos trobadores e renovouno.

ÉPOCA NA QUE VIVIU: A POSGUERRA

A partir dos anos 50 a narrativa galega a penas amosara a súa presenza dende as obras da xeración Nós, renace coa produción dun grupo de escritores, algúns xa coñecidos noutros terreos literarios, como son o propio Cunqueiro, Blanco Amor, Fole, Sánchez Santiago e Carballo Calero. Estes escritores comparten a época na que escriben, pero non teñen gustos nin afeccións en común. Cada un cultiva o seu estilo, temática e xeito de relatar.

OBRA

Poesía

1932 *Mar ao norte*

1933 *Cantiga nova que se chama ribeira*

1933 *Poemas do si e do non*

1940 *Elegías y canciones* (en castelán)

1950 *Dona do corpo delgado*

1980 *Herba aquí ou acolá*

Narración en galego

1955 *Merlín e familia*

1956 *Crónicas do Sochantre*

1960 *Escola de menciñeiros*

1961 *Se o vello Sinbad volvese ás illas*

1971 *Xente de aquí e de acolá*

1979 *Os outros feirantes*

Teatro

1956 *Función de Romeo e Xulieta*

1958 *O incerto señor don Hamlet*

1965 *A noite vai como un río*

1974 *Palabras de víspera*

Narración en castelán

1960 *Las mocedades de Ulises*

1969 *Un hombre que se parecía a Orestes*

1972 *Vida y fugas de Fanto Fantini*

1974 *El año del cometa con la batalla de
los cuatro reyes*

1

3